



Concello de Cangas



PROCESO DE SELECCIÓN DE 23 PERSOAS TRABALLADORAS SEGUNDO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 11/02/2022 AO ABEIRO DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO (LIÑA 3).

De acordo co previsto nas Bases que rexen este proceso de selección, por medio deste anuncio faise pública a **convocatoria para a realización dos exercicios da oposición.**

Con tal motivo, os/as aspirantes quedan convocados aos chamamentos que se realizarán antes do inicio das probas nos días, horas e lugares que a continuación se indican:

MARTES 14/03/2023, no SALÓN DE PLENOS do Concello de Cangas

- 9,30 h.: proba **Peóns/peoas Varredores/as** (limpeza viaria)
- 12:30 h.: proba **Oficial/a Albanel**
- 13:30 h.: proba **Oficial/a de Servizos Múltiples**

MÉRCORES 15/03/2023, no SALÓN DE PLENOS do Concello de Cangas

- 9,30 h.: proba **Peóns/peoas Xardineiros/as**
- 10:30 h.: proba **Peóns/peoas Agrícolas e Xardineros/as**

XOVES 16/03/2023, nas INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE GRANXA DA RÚA,
situadas en A Pedreira - Coiro (ao lado do Colexio de A Rúa)

- 10:30 h.: proba **Peóns/peoas Emerxencias**

O chamamento no lugar e horas indicado será único, quedando excluído/a quen non compareza, de acordo co disposto nas Bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do Tribunal.

Segundo o resultado do sorteo público realizado o día 9 de marzo de 2023 no Salón de Plenos do Concello, efectuado xunto coa entrega das bases ás persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego de Cangas, realizado coa fin de obter unha letra do abecedario a partir da cal ordenar alfabeticamente os chamamentos dos aspirantes na realización das súas respectivas probas, tendo en conta que neste sorteo público saíu a letra T, esta será a letra a partir da cal se inicien os chamamentos deste proceso selectivo, segúndose a continuación coa orde alfabética normal.

De acordo co estipulado na base sétima, as persoas aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, estar en posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o posto ao que optan, ou o seu equivalente no ámbito laboral (diplomas de Iniciación ou Perfeccionamento), quedarán exentos da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.